

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE QUIROGA PARA A PAVIMENTACIÓN, REALIZACIÓN DE OBRAS DE REDE DE SUMIDOIROS E ALUMEADO PÚBLICO NUN CAMIÑO DE SERVIZO AO CEMITERIO MUNICIPAL**

### **I. Departamento que tramita o convenio.**

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

### **II. Antecedentes.**

A Xunta de Galicia, a través Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co concello de Quiroga para a execución de traballos de pavimentación, obras de rede de sumidoiros e alumeado público nun camiño de servizo ao cemiterio municipal.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia busca garantir un equilibrio no territorio galego entre o medio rural e urbano, o interior e a costa que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que os cidadáns galegos teñan unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e converténdoo en motor do desenvolvemento económico rexional.

### **III. Finalidade.**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Quiroga o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 1 de decembro de 2023.



#### **IV. Obxecto.**

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Quiroga para a execución de traballos de pavimentación, obras de rede de sumidoiros e alumeado público nun camiño de servizo ao cemiterio municipal, cun orzamento total de 88.947,91 € (IVE incluído), segundo a memoria detallada e valorada, cuxo orzamento se xunta como anexo a este convenio e do cal forma parte.

#### **V. Fundamentos do convenio.**

O Concello de Quiroga manifestou a necesidade de asistencia por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, para acometer traballos de pavimentación, obras de rede de sumidoiros e alumeado público nun camiño de servizo ao cemiterio municipal.

A solicitude fundaméntase na necesidade de dotar dun acceso pavimentado á zona de ampliación do cemiterio municipal que se está construíndo e ás vivendas situadas ó sur deste cemiterio.

O cemiterio existente ten arredor de 1.320 unidades de enterramento. A día de hoxe o cemiterio está completamente saturado, non hai parcela libre para novos enterramentos nin a posibilidade de crear novas parcelas dentro do seu ámbito.

É un cemiterio de principios do século XX que sufriu varias ampliacións ao longo do tempo. Estas ampliacións producíronse sen ningunha planificación, o que deu lugar a corredores estreitos, sen saída, desnivel, chanzos, etc., o que o fai inaccesible tanto para vehículos como para persoas con mobilidade reducida.

Polo exposto, é urxente que o Concello proporcione espazos de enterramento para os veciños, tanto no núcleo de Quiroga como noutros núcleos próximos que sofren o mesmo problema e incluso concellos limítrofes.

Polo tanto, dado que non había posibilidade de obter novas parcelas funerarias, estase facendo a ampliación do cemiterio e quérese levar a cabo obras de pavimentación e alumeado dun camiño que une o cemiterio coa zona do Cuartel da Garda Civil e as vivendas de promoción pública, no casco urbano da Vila de Quiroga.

As parcelas situadas ó norte do camiño non teñen saneamento, nin peche delimitador, nin alumeado público polo que é necesario realizar as obras establecidas na memoria valorada: "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS DE CAMIÑO DE SERVIZO DAS EDIFICACIÓNS PÚBLICAS E SOCIAIS" redactada por RAMÓN PÍO QUIROGA ÁLVAREZ, Arquitecto, polo importe de 88.947,91 € (IVE incluído), para a pavimentación e dotación de servizos de camiño.



Polo custo da obra é necesario e imprescindible a colaboración da Vicepresidencia Segunda e consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Ao abeiro do exposto, esta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes considera necesario colaborar con este concello, contribuíndo deste xeito a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

Así mesmo, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

O orzamento total da actuación é de 88.947,91 € (IVE incluído).

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na execución desta actuación, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Quiroga.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para o restablecemento dos servizos municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

## **VI. Importe e aplicación orzamentaria.**

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de sesenta mil euros (60.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 06.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 67,45 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, e que ascende a 88.947,91 € (IVE incluído).

## **VII. Coherencia co Plan Estratéxico de Galicia.**



Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

- Eixo E5, "Gobernanza".
- Prioridade de actuación PA01, "Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e avaliación das políticas públicas, empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade."
- Obxectivo estratéxico E03, "Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión".
- Obxectivo operativo OO01, "Accións para o aumento da eficiencia das administracións públicas, como parte da reforma da administración pública e do sector público, cunha estratexia integrada que trate as disfuncións institucionais existentes no conxunto da administración autonómica"

| Indicador                                               | Tipo Indicador | Valor previsión | Valor de realización asignado |
|---------------------------------------------------------|----------------|-----------------|-------------------------------|
| P00076/Entidades beneficiadas                           | 5-PEG          | 3               | 4                             |
| INFAN 1- Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia | 5-PEG          | 14,33           | 0                             |

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

Elena Muñoz Fonteriz

